

# Canles de nós

*Viaxes en Álvarez Blázquez*



LUCÍA SEOANE

Dentro do conxunto dos diferentes traballos e volumes que xa están, afortunadamente, a xurdir con motivo do Día das Letras Galegas, dedicado este ano á figura de Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985), aparece este libro cuxo autor é Henrique Rabuñal e que leva por título *Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle secreta*, publicado por Edicións Laiovenento na colección “Ensaio”.

De Henrique Rabuñal diremos que é profesor de Lingua e Literatura e directivo da AELG; así mesmo é autor de diferentes traballos de creación, –*Epistolario en catro tempos*, *A fariña das horas*, *O cristal da sede..-*; no terreo da dramaturxia –*A noite das noites*, *O vento da morte*, *O miradoiro...-* e tamén do ensaio –*Rafael Dieste: a franqueza e o mistério*, *Manuel Murguía e Arteixo*, *Manuel Lugrís Freire e Literatura Galega*, etc.

O presente volume incíase cun percorrido pola biografía de Xosé María Álvarez Blázquez. Nel salientanse os seus anos de mocidade; tempos nos que, entre outras actividades, participa na fundación da revista *Cristal* así como entra a formar parte da Federación de Mocedades, organización xuvenil do Partido Galeguista que se organiza a partir de 1934. O seu labor durante toda esta esperanzadora etapa da II<sup>a</sup> República tradúcese en numerosos textos aparecidos nas publicacións da época, pero tamén na súa constante actividade no seo do galeguismo. Foi en 1936, entón, cando ingresa no Partido Galeguista, na procura de levar adiante os soños de liberdade para Galicia.

O 30 de outubro dese mesmo ano é un día especialmente tráxico na súa existencia: nesa altura, o seu pai, o doutor Darío Álvarez Limeses é encarcerado e asasinado polas forzas sublevadas contra o goberno léxito da República.

Sancionado polo goberno franquista, veñen logo tempos de desterro e de exilio interior. Xa en 1942, os Álvarez Blázquez veñen a Vigo, cidade na que Xosé María vai desenvolver a súa traxectoria profesional. O proxecto das Edicións Monterrey, primeiro, e Castrellos, despois, conforman algunas das singulares aportacións de Xosé María Álvarez Blázquez e que H. Rabuñal estuda no seu traballo.

O labor como poeta, e tamén como narrador, así como a análise do decenio vivido durante a restauración democrática constitúen outros capítulos do libro.

Un volume que inclúe, igualmente, o apartado “Presenza de X.M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez: 1985-2008”. Xa que logo, un volume que non debe faltar nos nos andeis neste ano no que conmemoramos o esforzo do polígrafo tudense.

**RABUÑAL, Henrique, Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle secreta, Ed. Laiovenento, Santiago, 2008, 86 páxinas.**

